



Manuel Laxe
Alonso

Convenio da concertada:

Catro anos de negociación

e seguimos...

Levamos máis de catro anos negociando un convenio do sector do que semella que os traballadores e as traballadoras imos saír rapados, unha vez máis.

PERDÉRONSE UNS ANOS

capitais, 2009 e 2010, nos que a conxuntura negociadora era moito máis favorable. A situación mudou radicalmente. A reforma laboral aprobada polo Goberno a comezos de 2012 debilitou moitísimo os traballadores na negociación colectiva; ata tal punto, que a desaparición do convenio é unha posibilidade real.

Neste proceso, os sindicatos maioritarios do sector non subeiron ou non quixeron utilizar esa maioría sindical para facer avanzar o proceso. Houbo unha pasividade absoluta do proceso negociador e unha manifesta indiferenza cara aos sectores do PAS que, por non estaren en pagamento delegado, teñen o seu salario conxelado desde 2008.

As maiorías sindicais deben servir para actuar decididamente na procura de solucións aos problemas do sector. Ter a maioría esixe elaborar propostas, liderar as demandas, tomar decisións, negociar, actuar con responsabilidade na defensa dos dereitos das traballadoras e os traballadores. Non vale agacharse cando as cousas pintan feas; non vale botar cálculos en clave electoral para ver se tal ou cal decisión favorece os meus intereses; non vale inhibirse porque intuímos que as medidas de forza incomodan a alguén ou alegar que son demandas políticas.

CCOO, sindicato minoritario no sector, comprometémonos no proceso de unidade sindical en prol de aglutinar forzas e avanzar o máis rápido posible na materialización dun novo convenio. Con este obxectivo, subscribimos unha plataforma unitaria que, sen recoller moitas das nosas propostas, constituía un programa de consenso no que, ademais, non se



renunciaba a dereitos consolidados.

Certo que a patronal se desvinculou cunha batería de propostas absolutamente inasumibles, con recortes claramente lesivos para os traballadores (máis aínda para os que non están en pagamento delegado). Pero o único que obtivo en resposta dos sindicatos maioritarios foi un tímido rexeitamento e o silencio. Non serviron de nada as nosas peticións de accións máis contundentes e máis firmeza na negociación.

Coa crise como pretexto e cunha reforma laboral voraz de dereitos laborais, a patronal presenta unha proposta de convenio que para CCOO é inaceptable:

1.º En materia salarial, a patronal quere que os recortes aplicados polas Administracións se trasladen as táboas salariais do convenio. Isto supón que todos os recortes aplicados polas Administracións repercutirán no salario base. A pretensión da patronal de reflectir nas táboas salariais eses recortes obedece ao obxectivo de frear toda posible reclamación salarial dos traballadores pola vía xudicial e ir curándose en saúde por se algunha sentenza non resulta favorable. Unha vez máis, a patronal reacciona fronte a unha medida inxusta da Administración trasladándolle o seu o problema aos traballadores.

CCOO propomos como desbloqueo da situación que se garanta un salario mínimo de convenio común para todo o Estado. Nese sentido, manifestamos que se tome o salario base de 2010 como salario mínimo, tendo en conta que desde esa data non houbo incrementos salariais para o persoal en pagamento delegado. Para o PAS, a patronal acepta un incremento do 3% en 2009 e un 0,3% en 2010. Esta é a proposta que agora mesmo está aceptada polas partes.

2.º A patronal propón vincular a paga de antigüidade a que a Administración se faga cargo do seu aboamento. Mesmo chega a propor unha moratoria para os vindeiros catro anos en que nin se percibirá nin se xerará o dereito.

Coa crise como pretexto e cunha reforma laboral voraz de dereitos laborais, a patronal presenta unha proposta de convenio que para CCOO é inaceptable

3.º A patronal tamén propón que a IT se perciba en función do que asuma a Administración e, polo tanto, se deixe aberta a porta a modificar a actual regulación que garante o 100% durante os sete primeiros meses para o profesorado en pagamento delegado e tres para o PAS.

4.º A patronal non esta disposta a reintroducir a ultraactividade no novo convenio.

Se aceptamos o convenio nos termos propostos pola patronal, retrocedemos en aspectos fundamentais.

A proposta da patronal ten un carácter eminentemente preventivo. A patronal intúe que certos aspectos do convenio poden ser problemáticos e quítaos de arriba, aínda que iso supoña sacrificar dereitos dos traballadores.

A paga de antigüidade non constitúe un problema salvo en Galicia e algunha outra comunidade, pero convérteno en causa xeral. A patronal non debería negociar coa Administración a PEA, debería resistir as presións da Administración para que se suprima ou se condicione a paga de antigüidade ao seu aboamento por parte do Estado. A inclusión desta disposición supón a liquidación desa cantidade salarial. A Administración preme porque tanto na Lei de concertos como en sucesivas sentenzas se establece que lle corresponde á Administración pagar. Mentres o articulado do convenio siga como está, os traballadores sempre poderemos reclamar pola vía xudicial esas cantidades. E a experiencia pasada dinos que se gañan.



preventiva. Ata o momento non houbo ningún requirimento nin negativa da Administración con respecto ao aboamento da IT. Establecer esa disposición no convenio serve, de novo, para lle facilitar á Administración a adopción da medida.

Os traballadores non aceptamos –e a patronal debería facer o mesmo– que non se nos apliquen medidas que se xustifican con criterios de analogía cos compañeiros da pública

partes ten todo o poder para fixar as regras do xogo como consecuencia da perda da ultraactividade.

Dende CCOO manifestamos que o problema vén derivado da LOE (art. 117) e dos decretos que a desenvolven, polo que propoñemos que urxentemente e de xeito consensuado, patronais e sindicatos solicitemos a convocatoria da Mesa de Concertada para tratar no Ministerio de Educación esta situación que podería clarificar a situación. E mentres, polo tanto, propoñemos manter a PEA e a IT tal e como están no V Convenio e que se inclúa a ultraactividade do convenio. Esta sería a proba de que a patronal está disposta a manter o convenio e unhas condicións laborais dignas.

A patronal manifestou que coincide en que o problema de fondo está na LOE, no Regulamento de concertos, e adhiérese á proposta de CCOO de solicitar de forma urxente a convocatoria da MESA de CONCERTADA, pois é o lugar onde se ha acometer este problema agora que se está debatendo a LOMCE e o Regulamento de concertos.

Por último, na última reunión da negociación do VI convenio, maniféstase que os catro sindicatos concordamos en solicitar a convocatoria da Mesa de Concertada tal e como promoveramos dende CCOO.

A patronal négase a incluír no convenio a cláusula da ultraactividade. Iso deixa a porta aberta de par en par a futuros recortes dos nosos dereitos usando a supresión do convenio como ameaza

No momento en que quede condicionada a que o Estado a pague, a Administración poderá ampararse nesa condición para non a facer efectiva, e como o convenio recolle que se percibirá «se» a Administración a aboa, bloqueará ademais a súa reclamación pola vía xudicial. As traballadoras e traballadores opoñémonos que esa paga que fai parte do noso salario se use para transaccións entre patronal e Administración.

Outro tanto cabería dicir da incapacidade transitoria. A patronal volve actuar de forma

porque eses criterios unicamente se nos invocan cando se trata de recortarnos, e non cando se producen incrementos.

Por último, pero non menos importante, a patronal négase a incluír no convenio a cláusula da ultraactividade. Iso deixa a porta aberta de par en par a futuros recortes dos nosos dereitos usando a supresión do convenio como ameaza. Polo tanto, é difícil de crer que teña vontade de alcanzar un convenio minimamente digno para o sector. E un convenio non pode ser digno se unha das